



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Accións e Estratexias sobre a Arquitectura Moderna	Código	630548002	
Titulación	Máster Universitario en Rehabilitación Arquitectónica			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición			
Coordinación	Paz Agras, Luz	Correo electrónico	luz.paz.agras@udc.es	
Profesorado	Agrasar Quiroga, Fernando	Correo electrónico	fernando.agrasar@udc.es	
	Paz Agras, Luz		luz.paz.agras@udc.es	
Web	www.udc.es/dep/com/			
Descrición xeral	Nesta asignatura analízanse, dende unha posición crítica, proxectos de intervención sobre a Arquitectura Moderna. A proximidade temporal á Arquitectura Moderna e as súas características propias levan á necesidade dun plantexamento específico en canto á súa posta en valor e recoñecemento como Patrimonio Moderno e aos criterios de intervención que, sobre estas pezas, teñen que levarse a cabo na actualidade e no futuro inmediato.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	E01. Aptitude ou capacidade para acometer actividades de crítica arquitectónica, mediante a análise do patrimonio edificado baixo diferentes ópticas e a identificación dos precedentes formais, tipolóxicos e estilísticos.
A2	E02. Aptitude ou capacidade para realizar tarefas vinculadas á protección do patrimonio edificado, incluídas a catalogación monumental, a definición de medidas de protección de edificios e conxuntos arquitectónicos, e a redacción de plans de delimitación e conservación.
A4	E04. Aptitude ou capacidade para intervir no patrimonio edificado con valor histórico, aspecto que engloba a coordinación do seu estudo e a súa investigación documental, a elaboración de plans directores de conservación e a redacción e dirección da execución de proxectos de restauración e rehabilitación.
A8	E08. Aptitude ou capacidade para redactar informes técnicos e proxectos de rehabilitación do patrimonio edificado, incluídas actividades de asesoramento e consultoría.
B2	CB07. Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B4	CB09. Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e as razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
C1	T01. Capacidade de análise e síntese
C4	T04. Coñecementos de informática relativos ao ámbito de estudo
C5	T05. Capacidade para a xestión da información
C6	T06. Resolución de problemas
C7	T07. Toma de decisións
C15	T15. Cultura histórica

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
Desenvolvemento de capacidade de análise das obras de arquitectura e, ó mesmo tempo, de chegar ó convencemento da necesidade de dotar de reflexións anteriores á súa actividade proxectual.	BP2 BP4	CP1 CP4 CP5 CP6 CP7



Capacidade de análise da natureza teórica e técnica da arquitectura moderna. Coñecemento dos criterios de intervención nas pezas patrimoniais modernas.	AP1 AP2 AP4 AP8	CP15
---	--------------------------	------

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Restauración, rehabilitación, intervención: as accións transformadoras e de conservación sobre a Arquitectura Moderna.	.
Tema 2. Aloís Riegl e o "Culto moderno aos minumentos".	.
Tema 3. A Tecnoloxía e a linguaxe das vangardas como polos dialécticos da modernidade.	.
Tema 4. Analoxía e contraste. A natureza das estratexias de intervención na Arquitectura Moderna.	.
Tema 5. A clonación moderna. Os edificios desaparecidos reedificados.	.
Tema 6. Rehabilitacións filolóxicas.	.
Tema 7. Contemporaneidade e Modernidade: conceptos, contidos e significados arquitectónicos.	.
Tema 8. A especificidade da arquitectura industrial na súa recuperación.	.
Tema 9. A rehabilitación dos tecidos urbáns modernos.	.
Tema 10. Conclusións: análise de casos de estudo.	.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 A8 C7 C15	20	20	40
Eventos científicos e/ou divulgativos	C1 C4 C5 C6 C15	0	3	3
Traballos tutelados	A1 A4 B2 B4 C1 C4 C5 C6	10	17	27
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	A clase maxistral é tamén coñecida como "conferencia", "método expositivo" ou "lección maxistral". Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Asistencia a eventos divulgativos (congresos, xornadas, conferencias, etc), organizados pola ETSAC, DPAUC, etc, indicados polo profesorado da materia, como parte dos contidos docentes do curso, co obxectivo de proporcionar ao alumnado coñecementos e experiencias actuais referentes á asignatura. Preparación de material síntese do traballo realizado na materia para a súa exposición conxunta a finais de curso, no evento organizado polo Departamento de Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición: "Arquitecturas en Curso DPAUC" (Paneis, maquetas, debuxos, videos, textos, performances, ...)



Traballos tutelados	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.</p>
---------------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Eventos científicos e/ou divulgativos	O curso complétase cun traballo, que é realizado en parte de modo individual e en parte en grupo, onde se amosa a capacidade para desenvolver un discurso de intervención coherente sobre un determinado edificio ou teoría arquitectónica.
Traballos tutelados	Este traballo poderá compartirse con outras asignaturas do máster, de acordo coa coordinación do profesorado implicados.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A4 B2 B4 C1 C4 C5 C6	Condición necesaria para o aprobado por curso.	100
Outros			

Observacións avaliación

<p>É condición necesaria a asistencia a un mínimo do 80% das horas de sesións presenciais programadas.</p> <p>A entrega do traballo é unha condición necesaria para superar a asignatura.</p> <p>A valoración da participación nas clases presenciais, máis a calificación do traballo conforman a nota da asignatura.</p> <p>Avaliación en convocatoria adiantada: Para poder optar á avaliación en convocatoria adiantada deben cumprirse as condicións de avaliación xeral nun curso previo.</p> <p>Medidas para o estudantado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia : Non se contemplan.</p> <p>Plaxio. No relativo ao plaxio se atenderá ao indicado no Art. 14º das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da UDC: "A detección de plaxio, así como a realización fraudulenta de probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobado, implicará directamente a calificación de suspenso (0) na materia da convocatoria correspondente, invalidando así calquera calificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara á convocatoria extraordinaria".</p>

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Rivera, David (2012). Dios está en los detalles. la restauración de la arquitectura del Movimiento Moderno. Valencia: General de Ediciones de Arquitectura - Riegl, Aloís (1987). El culto moderno a los monumentos: caracteres y origen. Madrid: Visor, D.L. - VV.AA. (). Tectónica 33: Rehabilitación: La arquitectura moderna. Madrid: ATC Ediciones - DOCOMOMO Ibérico. VV.AA. (2008). Renovarse o morir?: experiencias, apuestas y apardojas de la intervención en la arquitectura del movimiento moderno . Barcelona: Fundación DOCOMOMO Ibérico - Choay, François (2015). Alegoría del patrimonio. Barcelona: Gustavo Gili SL
Bibliografía complementaria	Â

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Historia do Patrimonio Rehabilitado /630467102
Técnicas de Investigación e Documentación en Arquitectura/630567104
Análise e Teoría da Intervención no Patrimonio/630567101



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías